

EXPTE. 514/2021

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL PARA 6 PRAZAS DE PEÓN DE MEDIO AMBIENTE NO CONCELLO DE PONTEAREAS, APROBADA POR DECRETO 2021-0647, DE 17 DE MARZO DE 2021.

No Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Ponteareas, 5 de maio de 2021, sendo as 16,00 horas, reúnense don JUAN LUIS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (Presidente), don JOSÉ MANUEL LAMORA ALONSO, don JAVIER PRESA IGLESIAS, don ÓSCAR NÚÑEZ PRIETO (Vogais), actuando como Secretario o funcionario don JOSÉ GONZÁLEZ MONTERO, co motivo de constituir o Tribunal da **“SELECCIÓN DE PERSOAL PARA 6 PRAZAS DE PEÓN MEDIO AMBIENTE NO CONCELLO DE PONTEAREAS, APROBADA POR DECRETO 2021-0647 DE DATA 17 DE MARZO DE 2021”**.

Unha vez reunidos os membros do Tribunal que foron convocados pola Sra. Alcaldesa en funcións do Concello de Ponteareas, con data do 28-04-2021, procédese á constitución do mesmo, e tomar os seguintes acordos:

1.- Acordar para a proba práctica e obrigatoria, que en caso de haber empate entre os aspirantes na puntuación final, se terá en conta o tempo que necesitou cada aspirante en facer a proba, e a persoa que realizou a mesma en menor tempo, ocupará o lugar superior na lista de admitidos.

Asimesmo para a puntuación desta proba práctica (montaxe nunha rozadora STILL de cebeceiro de fío, nun tempo máximo de 5 minutos), a puntuación que fará o Tribunal será a seguinte. Se o aspirante non é capaz de realizar a proba: 0 puntos. Se sabe montar pero non remata a proba: 1 punto. Se monta o fío e remata a proba no tempo sinalado nas bases: 2 puntos. E tamén se valorará de 0 a 1 puntos a destreza, e de 0 a 1 puntos a actitude de cada aspirante.

2.-Acordar por unanimidade que na Proba oral / Entrevista curricular persoal, cun máximo de 0,50 puntos, se puntuará con 0,20 puntos a todos os aspirantes que posúan o Permiso de Conducir.

Asimesmo, para a avaliación dos 0,30 puntos restantes, o Tribunal acorda facerlle a todos os aspirantes as mesmas cuestións, que consistirán en preguntarlle se ten experiencia traballando co tipo de maquinaria que se usa como peón de Medio Ambiente (desbrozadoras, cortacéspedes, etc). Tamén se lle preguntará se traballaron nalgunha empresa privada ou da administración pública, relacionada con este tipo de traballo, e se cren que están capacitados para facer este tipo de traballo e se están dispostos/as a desenvolverlo.



E non sendo outro o obxecto desta reunión, ás 16,25 horas, polo Presidente levántase a sesión da que eu, Secretario, dou fe,

Asdo/JUAN LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ

Asdo/ JOSÉ MAUEL LAMORA ALONSO

Asdo./JAVIER PRESA IGLESIAS

Asdo./ ÓSCAR NÚÑEZ PRIETO

Asdo. JOSÉ GONZÁLEZ MONTERO

.

